

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXIRÁ  
O PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN  
DO SERVIZO DE CAFETERÍA NO CENTRO SOCIAL “MARCIAL DIZ GARRIDO”.

Artigo 1.- É obxecto desta contratación mediante procedemento negociado sen publicidade a adxudicación do servizo de cafetería sen comidas no Centro Social deste Concello, sito na rúa Marquesa do Pazo, nº 22, desta vila das Neves, mediante contrato administrativo especial.

O Concello ostenta as prerrogativas a que se refire o artigo 210 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

As características de dito servizo, así como as condicións en que ten que realizarse, son as especificadas no prego de condicións técnicas.

Artigo 2.- O adxudicatario deberá abonar ao Concello un canon mensual mínimo, por importe de 210,5 euros. As ofertas económicas efectuaranse ao alza, partindo de dita cantidade. O canon mensual abonarase entre os días 1 e 5 de cada mes.

O canon mensual ofertado incrementarase para o segundo ano de contrato de acordo coa variación que experimente o IPC publicado polo Instituto Nacional de Estadística.

O adxudicatario deberá abonar igualmente os demais impostos, taxas ou arbitrios municipais que se deriven deste contrato.

Garantía provisional: Fíxase unha garantía provisional polo importe do 3% do prezo estimado de contratación que ascende a 5.052,00 euros, que se eleva a cantidade de 151,56 euros, que será depositada no momento da presentación da proposición e demais documentación.

A garantía definitiva fíxase en 600,00 euros.

Para a devolución da garantía definitiva unha vez concluído o contrato, estarase ao disposto no artigo 102 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Artigo 3.- A contratación que resulte da adxudicación terá unha duración de un ano, prorrogable por outro ano previo acordo das partes, a contar desde o día seguinte á data da sinatura do contrato.

Artigo 4.- Poderán concorrer a este procedemento as persoas físicas ou xurídicas que se atopen en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, e non estean comprendidas en ningunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 3/2011

Poderá contratarse con unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto, de acordo co establecido no artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 3/2011.

Os que acudan á licitación, poderán facelo por si ou representados por persoa autorizada mediante poder bastante, sempre que non se atope incurso en algunha das causas que se enumeran no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 3/2011. Cando en representación dalgunha Sociedade civil ou mercantil concorra algún membro da mesma, deberá xustificar documentalmente que está facultado para elo.

Os poderes e documentos administrativos da personalidade acompañaranse á proposición bastanteados previamente pola Secretaría Xeral do Concello.

Os concorrentes terán que xustificar a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional demostrando que contan cos coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade suficientes para desenrolar o obxecto do contrato, o que se acreditará do seguinte modo:

Solvencia económica e financeira.-

-Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

Solvencia técnica.-

-Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos derradeiros tres anos, que inclúa datas e destinatarios dos servizos, públicos ou privados, debidamente acreditados.

-Titulación académica e profesional do persoal responsable da execución do contrato.

Artigo 5.- Perfil do contratante.- Coa fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co Perfil do Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: [www.asneves.com](http://www.asneves.com).

Artigo 6.- Toda proposición terá que axustarse ao modelo descrito ao final deste Prego de Condicións, á que acompañaranse tódolos documentos que na mesma se especifican, os cales se presentarán no Rexistro Xeral do Concello en dous sobres pechados, que poderán ser lacrados, e nos que figurará a inscrición: “Proposición para tomar parte no procedemento negociado para contratar o servizo de cafetería-bar do centro social Marcial Diz Garrido”, en horas de 9,00 a 14,00 horas nos días hábiles compendidos no prazo que se determine polo órgano de contratación.

As proposicións poderán presentarse por correo, por telefax ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con

posterioridade á data de terminación do prazo sinalado para a presentación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se teña recibido a documentación, esta non será admitida.

**SOBRE A:** Capacidade para contratar. Conterá exclusivamente tódolos documentos que se relacionan no Modelo de Proposición, e que poderán ser examinados e cualificados previamente ao acto de apertura de proposicións.

**SOBRE B:** Proposición económica e documentación técnica: Conterá unha soa proposición, expresada conforme ao modelo que figura como Anexo, así como a documentación que ten que servir á valoración en función dos criterios establecidos no presente Prego e, no seu caso, variantes ou melloras que, sen menoscabo do establecido nos pregos de condicións, podan convenir á mellor realización do obxecto do contrato.

En caso de discrepancia entre o importe expresado en letra e o expresado en cifras numéricas prevalecerá a cantidade que se consigne en letra, salvo que dos documentos que compoñen a proposición se desprenda outra cousa.

Na oferta especificarase o produto de calidade media que o adxudicatario propón cos prezos estipulados no Anexo I do Prego de Condicións Técnicas.

Artigo 7.- O acto de apertura de proposicións terá lugar o día seguinte hábil ao que remate o prazo de presentación de proposicións, agás sábados, ás 12,00 horas, no Salón de Sesións da Casa Consistorial, constituíndose a Mesa de Contratación para a apertura, que estará composta polos seguintes membros:

Presidente: O Sr. Alcalde-Presidente.

Vogais: A Secretaria-Interventora da Corporación ou persoa na que delegue.

A Tesoureira.

O concelleiro municipal da área de benestar.

A Técnica de Emprego.

Secretaria: A funcionaria municipal, Concepción E. Solano de Eyto.

En dito acto, pola Mesa de Contratación farase público o resultado da cualificación dos documentos presentados, servindo de notificación a tódolos efectos, especialmente para o caso de subsanación de defectos materiais na documentación presentada, cando a Mesa tivera acordado conceder un prazo de tres días para aportar os mesmos, prazo que comezará a partir do día seguinte hábil ao de apertura de proposicións económicas. Excepcionalmente, a Mesa poderá acordar que a solicitude aos licitadores para completar a documentación se efectúe mediante notificación escrita ou mediante fax, en cuxo caso o prazo de tres días comezará a contar desde o seguinte á recepción de dita notificación.

O Concello reservarase o dereito de declarar deserta a licitación se, na súa libre apreciación, ningunha das proposicións presentadas resultase conveniente aos seus fins, sen que por elo poda esixirse indemnización algunha por parte do contratista.

Os criterios que servirán de base para a adxudicación son os seguintes:

1º Prezo: valorarase este apartado en función da oferta máis vantaxosa das admitidas a licitación, ata 3 puntos.

2º Melloras: Valoraranse este apartado as melloras que o licitador poda ofertar sobre as condicións da prestación do servizo, ata 2 puntos.

Artigo 8.- A Mesa de Contratación fará unha proposta por orden decrecente das proposicións presentadas, sinalando a que considera que é a oferta economicamente máis vantaxosa. O órgano de contratación requirirá ao licitador que a tivera presentado para que dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que houbera recibido o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación disto, así como para que xustifique a constitución da garantía definitiva que sexa procedente.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, concretando e fixando os termos definitivos do contrato.

A adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos ou licitadores e simultaneamente publicarase no perfil do contratante.

A formalización do contrato, en documento administrativo, efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes á data de notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público e deberá aportar a seguinte documentación:

- Alta no Réxime Xeral da Seguridade Social..
- Alta no Imposto de Actividades Económicas.
- Ter subscrito unha póliza aseguradora dos riscos profesionais e de responsabilidade civil.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se tivese formalizado o contrato dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso, se tivese esixido.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Artigo 9.- En virtude da adxudicación, o contratista quedará obrigado a pagar o importe de cantos gastos se ocasionen co gallo dos trámites preparatorios e de formalización do contrato, incluso os honorarios do Notario autorizante no caso de que fose necesario o mesmo mediante escritura pública, pago de impostos, e calquera outros que se produzan.

Artigo 10.- Se as obrigas derivadas do contrato fosen incumpridas polo contratista, a Corporación está facultada para esixir o seu cumprimento e declarar a resolución do contrato. En caso de falecemento do contratista, a Corporación poderá denunciar o contrato.

O contrato poderá modificarse cando concorran as condicións establecidas no artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Establécese o seguinte sistema de sancións por infraccións do adxudicatario, con independencia e sen prexuízo dos casos en que proceda a resolución do contrato ou calquera outra acción: de acordo co previsto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Artigo 11.- O contratista ven obrigado, baixo a súa responsabilidade, a cumprir o disposto pola normativa vixente en materia laboral, da Seguridade Social, de integración social de minusválidos e de prevención de riscos laborais e demais leis especiais. O contrato obxecto desta licitación enténdese realizado a risco e ventura do contratista.

Serán por conta do adxudicatario os gastos dos anuncios de publicación e outros que poidan xurdir.

O contratista estará obrigado a gardar sigilo respecto aos datos e antecedentes que, non sendo públicos e notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo.

Artigo 12.- Os litixios derivados do presente contrato entenderase sometidos aos tribunais competentes con xurisdición no lugar en que a Corporación contratante (o Concello das Neves) ten a súa sede.

Artigo 13.- No non previsto neste Prego de condicións estarase ao disposto polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, que desenvolve parcialmente esta lei, no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas no que non se opoña á Lei de Contratos do Sector Público, e con carácter supletorio nas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, nos preceptos de dereito privado.

#### MODELO DE PROPOSICIÓN:

Don....., provisto do Documento Nacional de Identidade número....., con domicilio en....., en nome propio (ou en representación de....., segundo acredita con poder bastante que acompaña), enterado dos pregos de condicións e demais documentos do expediente, para contratar o servizo de cafetería-bar no Centro Social “Marcial Diz Garrido” das Neves, comprométese a realizalo con estrita suxeición ás condicións citadas, ofertando como canon a abonar ao Concello a cantidade de ..... euros mensuais.

Acompáñanse en sobre aparte os seguintes documentos (sinalar os que se aporten):

- a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica e a capacidade de obrar. Documento Nacional de Identidade do asinante, escritura de constitución da Sociedade e poder bastantado no seu caso.
- b) Declaración responsable do licitador na que afirme non atoparse incurso en ningunha das prohibicións para contratar conforme ao artigo 49 da lei de Contratos do Sector Público, comprendendo esta declaración expresamente a circunstancia de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

- c) Documentación acreditativa de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- d) Melloras nas condicións do contrato.

( Data e sinatura do proponente)

Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente do Concello das Neves.  
AS NEVES.

As Neves, 12 de febreiro de 2015.

O Alcalde-Presidente.  
Asinado electronicamente.